[Gal/Cast] 'Tentamos manternos enteiros e dignos nunha situación moi dura''

SERMOS GALIZA :: 27/09/2014

Entrevista a Xosé Luís Santos, padre de uno de los independistas gallegos condenados por la Audiencia Nacional

Galego

“Non foi un xuízo xusto”, opina o pai de Antom Santos, Xosé Luís, “por iso se presentou recurso pedindo a súa nulidade, pois para nós é unha evidencia que se vulnerou o dereito a defensa ”.

“Levan a alguén e durante días non sabes nada, non sabes nin sequera onde está. E ese alguén é o teu fillo”. Xosé Luís Santos Cabanas fala desde a súa casa en Teo, perto de Compostela. Unha casa que desde decembro de 2011 ten como punto de referencia Aranxuez, a 650 km, onde está a prisión na que o seu fillo Antom permanece preso vai para case tres anos. “En certa forma, nós tamén estamos presos alí”, recoñece, como sabendo que aos e ás familiares das persoas presas non é de aplicación aquela frase de Joseba Sarrionaindia: “As prisións constrúense para que os que non están dentro pensen que están fóra”.

O 3 de decembro de 2011 Antom era detido en Lugo, acusado de pertenza a Resistencia Galega. Aplicáronlle a Lei Anti-terrorista e desde entón e até agora, vai camiño dos 3 anos, xa só puido velo en prisión, e en moitas das visitas só a través dun cristal. Como afronta unha nai ou pai unha realidade así?

A detención en si xa é un golpe moi, moi duro. Que lle apliquen a lei anti-terrorista, que pases días sen saber nada del... van engadindo máis momentos duros: Levan a alguén e durante días non sabes onde está. E ese alguén é teu fillo. A el detivérono un 3 de decembro. Ao día seguinte, o 4, chamounos un amigo para dicirnos que detiveran a Antom. Podes imaxinarte como se recibe unha nova así... e non tiñamos información de nada. O día 7 os pais de María (detida a canda el) dinnos que está na prisión de Soto del Real. Iso foi catro días despois de que o detivesen en Lugo! Estivemos catro días sen saber nada del. O 8 de decembro puidemos falar con el por teléfono. 45 segundos, nin un máis, non llo permitiron. O día 9 fomos a Aranxuez, onde estaba preso. Informámonos de que unha persoa que é encarcerada ten dereito a ver os seus familiares directos a fin de semana seguinte. Chegados alí, os funcionarios negábanse a deixárnolo ver. Insistimos en que tiñamos dereito e entón parece que aceptaban, levándonos a un locutorio, mais o locutorio estaba baleiro, Antom non estaba alí, tíñano incomunicado... Eses feitos denunciámolos perante o Xulgado de Compostela.

Foi pasadas dúas semanas do día da detención cando puidemos velo por primeira vez, con cristal polo medio. Mais tamén para iso tivemos que aguantar: Após percorrer outra vez 650 km para chegar até alí, un funcionario chegou a nos dicir que para poder velo tiñamos que

ter autorización del desde dentro. Iso era imposíbel porque durante esas 2 semanas non tivemos ningunha posibilidade de falar con el, non nos deixaban. Atópaste nunha situación surrealista. Por moito que argumentes ante eles é como falar cunha parede. Dicíamoslle que eramos os pais e el limitábase a respostar: *"Serán los padres, pero yo no sé si él quiere verlos".*

Consideras logo que a política penitenciaria tamén pune os familiares das persoas presas?

A persoa presa pásao mal. Tamén os que estamos fóra en certa maneira estamos presos. Ves que a política penitenciaria está chea de trabas, de cambadelas... para ir desgastando, minando, punindo... Un exemplo é o das chamadas telefónicas. Antom ten dereito a facer 8 de 5 minutos cada unha. Chamadas a realizar a unha serie de teléfonos previamente autorizados. Para que che autoricen tes que mandar o nº cos teus dados e unha factura que confirme que ese teléfono é teu. Pois ben, nós non tiñamos facturas en papel porque había tempo que nolas remitían por mail. Imprimímolas mais a Prisións non lles valía porque non era un orixinal. Recordo que pasaron máis de dos dous meses até que lle autorizaron a chamarnos.

O das visitas é outro mundo. Tes que pasar por un arco detector de metais que sempre lles pita ás mulleres, rexístranas a case todas. Vanche levando de tramo en tramo do cárcere, pechando ás túas costas unha reixa antes de abrir a de diante. Antom ten dereito durante o mes a un 'vis a vis' (cara a cara) íntimo e a outro familiar, que cae sempre en días de semana, co que iso implica porque obriga a facer mil malabares a nivel laboral. Nós pedimos con certificados que, por motivos laborais, puidésemos visitalo en fins de semana. Dixéronnos que si, mais que entón sería unha vez cada tres meses no canto dunha cada mes. Decidimos visitalo pola semana, claro, solucionando como puidemos os problemas nos nosos respectivos traballos.

Consideras que existe unha lexislación especial para aplicar a pres@s como @s condenad@s ou acusad@s de pertenza a Resistencia Galega?

Polo que é a miña experiencia propia, todas as familias de presos, independentemente da súa condición ou motivo da detención, sofren dalgún ou outro xeito unha política penitenciaria de gran crueldade que pode ser cualificada de 'surrealista'. Podería poñerche un bo quiñón de anécdotas de despropósitos nas relacións dos familiares coa cadea dos que fomos testemuña. Mais no caso de Antom e os outros presos independentistas está a aplicación da dispersión e que son xa de entrada catalogados FIES (Ficheros de Internos de Especial Seguimiento) con todo o que iso supón.

Hai normas e medidas para complicar as cousas que semellan máis simples. Por exemplo, os paquetes que podes enviarlle. Apenas poden ir libros e roupa, mais aínda así tamén é unha odisea entregarllos. Cando detiveron a Antom un amigo que foi preso político baixo o franquismo deume unha serie de consellos... e non valían para agora porque na actualidade é máis duro! Eles, daquela, podían recibir paquetes de comida da casa, por exemplo. Agora non, o preso só pode mercar no economato da prisión cuns vales (previo ingreso desde fóra da prisión de diñeiro para ese preso)... Ademais, un paquete para un preso só o pode levar ao cárcere unha persoa autorizada. E na prisión de Aranxuez cando imos ao 'vis a vis' con

Antom non nos autorizan a pasar o paquete aproveitando a visita. O paquete só pode entrar os días que a cadea determina, que non teñen por que coincidir coa visita dalgún familiar ou dalgún amigo, e no noso caso estamos a falar desa distancia de 650 quilómetros que hai que percorrer.

Hai familiares que denuncian que non hai máis lóxica tras algúns trámites penitenciarios que a de procurar desesperar as persoas

Desesperan, a verdade. Agora vén o inverno. En Aranxuez as temperaturas son baixo cero. Queremos facerlle chegar un paquete con roupa de abrigo e vai ser unha odisea. Tardamos máis de 2 meses en poderlle pasar unhas zapatillas de deporte, porque el practica atletismo e adestra tamén en prisión. As que tiña estaban desfeitas...

Eu era a primeira vez que asistía a un xuízo, nunca estivera nun. E a imaxe que levei foi dun puro esperpento. Eu consideraba que nunha institución como a Audiencia Nacional o mínimo que se lle esixía aos xuíces era estar espertos. Mais houbo un maxistrado que estivo durmindo todo o tempo. Non dabamos crédito. O presidente daquel Tribunal colocaba o micro de tal maneira que ninguén entendía o que dicía. Só se lle ouviu ben cando ordenou expulsar os peritos da defensa (Carlos Taibo e Bernardo Máiz). Eles, que tanto din da importancia das formas e que tanto din coidar todo ese boato...e cando falaba a defensa pechaban os ollos, que pasaban a abrir na quenda da acusación. Lembro que os que estabamos no público tivemos cara de abraio os catro días do xuízo.

E no que respecta ás acusacións feitas contra Antom Santos...

Eu non vin que alí se presentase nin unha soa proba clara e contundente que validase as acusacións contra Antom e os seus compañeiros. O único que presenciei foi como o que levaba meses lendo na prensa procedente de 'fontes policiais' volvía dicirse alí unha e outra e outra vez.

Mais finalmente condenóuselle por pertenza a RG

Eu creo que RG está a ser empregada como unha escusa para mantelos presos e tamén para intentar introducir medo noutros sectores. Estamos a derivar a escenarios moi perigosos nos que a min poderíanme deter simplemente polo que digo nesta entrevista e a ti por publicala.

O Tribunal Supremo rebaixou a sentenza condenatoria da Audiencia Nacional a Antom, de dez anos de prisión a 7 anos e 9 meses grazas un recurso da defensa, recurso que manteñen perante o Tribunal Constitucional

Presentouse un recurso pedindo a nulidade do xuízo por entender que non se respectara o dereito á defensa. Ese recurso está agora no Tribunal Constitucional, como paso previo necesario para poder ir a Estrasburgo. O certo é que non temos moita confianza no TC, sinceramente non cremos nin que sexa admitido a trámite. O TC estase vendo que se caracteriza polas súas sentenzas sempre a favor dos poderes establecidos, está moi situado á beira desa dereita cerrada que goberna o Estado Español. E mentres se segue todo este procedemento eles teñen que seguir en prisión, mentres o tempo segue correndo.

O pleno do Concello onde vivides e de onde é Antom, Teo, aprobou unha moción na que denunciaba a dispersión á que se sometía ao voso fillo e pedía a fin das 'políticas de excepción'.

É importante que o goberno do concello onde vivimos sexa consciente do que se ten que pasar como consecuencia de ter un fillo na cadea, do que significa para as familias e para os amigos o afastamento dun familiar, de que en cerca de tres anos levemos máis de 25.000 quilómetros percorridos, e xa non somos uns nenos, os anos pesan. Agradecemos e valoramos ese paso. Tamén polo que supón de rachar con ese disco raiado que durante meses sofremos na prensa e tamén durante o xuízo e que parecía gravado pola mesma persoa, presentando a Antom como algo que sabemos que non é. El estaba implicado en movementos e proxectos nos que loitaba por unhas ideas e por uns obxectivos. Salvando as evidentes distancias, non o vexo moi diferente do que está a facer a ANC en Catalunya, que traballa a prol da conciencia nacional do seu país.

Asistín no seu día ao pleno e non entendín a insensibilidade da representante do PSOE e do PP, e a do concelleiro independente. Falaban "polo libro" dunha situación que non coñecen. Non lles desexo a ningún deles que pasen por un trago semellante ao que nos tocou a nós. Se cadra é mellor para eles persoalmente que sigan sen saber nada da política penitenciaria española, e digo persoalmente, pois no político estas actitudes de insensibilidade, de mirar para outro lado e de descoñecemento da realidade pola que estamos a pasar uns veciños do concello .... no político meréceme outra consideración.

L@s familiares d@s independentistas presos mantendes contacto ou relación? Ter un familiar directo na cadea fai que se estabeleza algún tipo de relación especial con outras persoas na mesma situación, non é?

Mantémonos en contacto, mais de xeito informal. Cos pais de María Osorio (a compañeira de Antom) hai máis relación, xa desde que ambos os dous foron detidos en decembro de 2011. Tamén temos contacto con familiares de Eduardo, de Teto, de Carlos Calvo, coa xente de '*Senlheiro*' (Hadrián Mosquera). Non hai unha relación estábel mais sabemos onde estamos. Todos viaxamos no mesmo tren, por dicilo dalgún xeito: Sofremos nos nosos lombos os kilómetros até as prisións, as mesmas dificultades e preocupacións, as mesmas relacións difíciles co sistema carcelario...

Podes visitar a Antom unha vez ao mes. Como o notas após 33 meses en prisión?

A última vez que o vin foi en agosto e xa non volverei a poder velo até o 'vis a vis' do 17 de setembro. El resiste dunha maneira abraiante, algo que eu, sinceramente, non sería quen. Aguanta o temporal, sabe abrigarse. É unha persoa que organiza moi ben o tempo: investiga, escribe, le moito... mesmo recuperou unha afección que deixara na adolescencia como é o debuxo. Fai deporte, atletismo, cuns adestramentos duros. E mantén unha relación correcta co resto dos presos, civilizada sabendo o difícil que é aquilo. El está en rexime de FIES o que supón, entre moitas outras cousas, que lle interveñen todas as conversas orais, escritas, telefónicas... É algo ao que non acabo de afacerme. Que a carta que lle escribo a meu fillo vai ser lida por unha terceira persoa, un funcionario.

Hai unha especie de 'mandamento' non escrito que asegura que o que a familia

dun preso non poden permitirse nunca é o ‘pecado’ de se vir abaixo…

A situación é dura mais Antom resiste ben. Aínda que el alí dentro pase por momentos difíciles nunca nolos vai contar para non nos preocupar. E igualmente ao revés. Temos algo máis dunha hora cada mes para estar xuntos, cun cristal polo medio, cando a visita non é das chamadas "vis a vis"; polo que hai que aproveitar o tempo para cousas importantes e non para deprimirnos. Hai que sacar forzas de onde sexa, mesmo perante os funcionarios de prisións para non caer no seu xogo e manternos no noso sitio. Tentamos manternos enteiros, dignos e conscientes dentro dunha situación excepcional. Non é doado. Mais non pode ser doutro xeito.

Castellano

Antom Santos fue detenido en Lugo el 3 de diciembre de 2011 bajo la acusación de pertenecer a Resistencia Galega, siendo condenado por la Audiencia Nacional en 2013 a 10 años de prisión (el Supremo rebajaría la pena a 7 años y 9 meses).

"No fue un juicio justo", opina el padre de Antom Santos, Xosé Luís, "por eso se presentó un recurso pidiendo su nulidad, pues para nosotros era evidente que se vulneró el derecho a la defensa".

"Se llevan a alguien y durante días no sabes nada, no sabes ni siquiera dónde está. Y ese alguien es tu hijo". Xosé Luís Santos Cabanas habla desde su casa en Teo, cerca de Compostela. Una casa que desde diciembre de 2011 tiene como punto de referencia Aranjuez, a 650 km, donde está la prisión en la que su hijo Antom permanece preso desde hace casi tres años. "En cierta forma, nosotros también estamos presos allí", reconoce, como sabiendo que a los familiares de las personas presas no se les puede aplicar aquella frase de Joseba Sarrionandia: "Las prisiones se construyen para que los que no están dentro piensen que están fuera".

El 3 de diciembre de 2011 Antom era detenido en Lugo, acusado de pertenencia a Resistencia Galega. Le aplicaron la Ley Anti-terrorista y desde entonces hasta ahora, casi 3 años después, solamente han podido verlo en prisión, y en muchas de las visitas sólo a través de un cristal. ¿Cómo afrontan una madre o un padre una realidad así?

La detención en sí ya es un golpe muy, muy duro. Que le apliquen la Ley Anti-terrorista, que pases días sin saber nada de él… van añadiéndose más momentos duros: se llevan a alguien y durante días no sabes dónde está. Y ese alguien es tu hijo. A él le detuvieron un 3 de diciembre. Al día siguiente, el 4, nos llamó un amigo para decirnos que habían detenido a Antom. Puedes imaginarte cómo se recibe una novedad así… y no teníamos información de nada. El día 7 los padres de María (detenida con él) nos dijeron que estaba en la prisión de Soto del Real. ¡Eso fue cuatro días después de que lo detuviesen en Lugo! Estuvimos cuatro días sin saber nada de él. El 8 de diciembre pudimos hablar con él por teléfono. 45 segundos, ni uno más, no lo permitieron. El día 9 fuimos a Aranjuez, donde estaba preso. Nos informaron de que una persona que ha sido encarcelada tiene derecho a ver a sus familiares directos el fin de semana siguiente. Estando allí, los funcionarios se negaron a

dejárnoslo ver. Insistimos en que teníamos derecho y entonces pareció que aceptaban, y nos llevaron a un locutorio, pero el locutorio estaba vacío, Antom no estaba allí, lo tenían incomunicado... Esos hechos los denunciamos ante el Juzgado de Compostela.

Fue al cabo de dos semanas desde el día de la detención cuando pudimos verlo por primera vez, con un cristal de por medio. Pero también para eso tuvimos que aguantar: después de recorrer otra vez 650 km para llegar hasta allí, un funcionario vino a decirnos que para poder verlo teníamos que tener autorización de él desde dentro. Eso era imposible porque durante esas dos semanas no tuvimos ninguna oportunidad de hablar con él, no nos dejaban. Te encuentras en una situación surrealista. Por mucho que argumentes ante ellos es como hablarle a una pared. Les decíamos que éramos los padres y se limitaban a responder: "*Serán los padres, pero yo no sé si él quiere verlos*".

¿Consideras entonces que la política penitenciaria también castiga a los familiares de las personas presas?

La persona presa lo pasa mal. También los que estamos fuera, en cierta manera, estamos presos. Ves que la política penitenciaria está llena de trabas, de zancadillas... para ir desgastando, minando, castigando... Un ejemplo es el de las llamadas telefónicas. Antom tiene derecho a hacer 8 llamadas de 5 minutos cada una. Llamadas que tiene que realizar a una serie de teléfonos previamente autorizados. Pera que te autoricen tienes que mandar el número con tus datos y una factura que confirme que el teléfono es tuyo. Pues bien, nosotros no teníamos facturas en papel porque hacía tiempo que nos las enviaban por mail. Las imprimimos pero a Prisiones no le valía porque no era el original. Recuerdo que pasaron más de dos meses hasta que le autorizaron a llamarnos.

El de las visitas es otro mundo. Tienes que pasar por un arco detector de metales que siempre les pita a las mujeres, las registran a casi todas. Van llevándote de tramo en tramo dentro de la cárcel, cerrando a tu espalda una reja antes de abrir la de delante. Antom tiene derecho durante un mes a un 'vis a vis' (cara a cara) íntimo y a otro familiar, que cae siempre en un día de semana, con lo que eso implica porque obliga a hacer mil malabares a nivel laboral. Nosotros pedimos con certificados que, por motivos laborales, pudiésemos visitarlo en fin de semana. Nos dijeron que sí, pero que entonces sería una vez cada tres meses en vez de una cada mes. Decidimos visitarlo en días de semana, claro, solucionando como pudimos los problemas con nuestros respectivos trabajos.

¿Consideras que existe una legislación especial para aplicar a pres@s como l@s condenad@s o acusad@s de pertenencia a Resistencia Galega?

En lo que respecta a mi propia experiencia, todas las familias de presos, independientemente de su condición o motivo de detención, sufren de una u otra manera una política penitenciaria de gran crueldad que puede ser calificada de 'surrealista'. Podría contarte un montón de anécdotas de despropósitos en las relaciones de los familiares con la cárcel de los que fuimos testigos. Pero en el caso de Antom y de los otros presos independentistas está la aplicación de la dispersión, y que ya de entrada son catalogados FIES (Ficheros de Internos de Especial Seguimiento) con todo lo que eso supone.

Hay normas y medidas para complicar las cosas que parecen más simples. Por ejemplo, los

paquetes que puedes enviarle. Apenas pueden contener libros y ropa, pero incluso así también es una odisea entregárselos. Cuando detuvieron a Antom un amigo que había sido un preso político durante el franquismo me dio una serie de consejos... ¡y no valían para ahora porque en la actualidad es más duro! Ellos, en aquel momento, podían recibir paquetes de comida de casa, por ejemplo. Ahora no, el preso sólo puede comprar en el economato de la prisión con unos vales (previo ingreso del dinero para ese preso desde fuera de la prisión)... Además, un paquete para un preso sólo lo puede llevar a la cárcel una persona autorizada. Y en la prisión de Aranjuez, cuando vamos al 'vis a vis' con Antom no nos autorizan a pasar el paquete aprovechando la visita. El paquete sólo puede entrar los días que la cárcel determina, que no tienen porqué coincidir con la visita de algún familiar o de algún amigo, y en nuestro caso estamos hablando de esa distancia de 650 km que hay que recorrer.

Hay familiares que denuncian que no hay más lógica tras algunos trámites penitenciarios que la de intentar desesperar a las personas.

Desesperan, la verdad. Ahora viene el invierno. En Aranjuez las temperaturas son bajo cero. Queremos hacerle llegar un paquete con ropa de abrigo y va a ser una odisea. Tardamos más de dos meses en poderle pasar unas zapatillas de deporte, porque él practica atletismo y entrena también en prisión. Las que tenía estaban deshechas...

Asististe al juicio en la Audiencia Nacional y escribiste después un artículo ('Castelao na Audiencia Nacional española' [http://www.sermosgaliza.gal/opinion/xose-luis-santos-cabanas/castelao-na-audiencia-nacional-espanola/20130707171208016948.html]) en el que calificabas lo que viste allí como un verdadero esperpento...

Era la primera vez que asistía a un juicio, nunca había estado en uno. Y la imagen que me llevé fue de un puro esperpento. Yo consideraba que en una institución como la Audiencia Nacional lo mínimo que se les exigía a los jueces era estar despiertos. Pero hubo un magistrado que estuvo durmiendo todo el tiempo. No dábamos crédito. El presidente de aquel Tribunal colocaba el micro de tal manera que nadie entendía lo que decía. Sólo se le oyó bien cuando ordenó expulsar a los peritos de la defensa (Carlos Taibo y Bernardo Máiz). Ellos, que tanto hablan de la importancia de las formas y que tanto dicen cuidar todo ese boato... y cuando hablaba la defensa cerraban los ojos, que volvían a abrir en el turno de la acusación. Recuerdo que los que estábamos en el público tuvimos cara de asombro los cuatro días del juicio.

Y en lo que respecta a las acusaciones hechas contra Antom Santos...

Yo no vi que allí se presentase ni una sola prueba clara y contundente que validase las acusaciones contra Antom y sus compañeros. Lo único que presencié fue cómo lo que llevaba meses leyendo en la prensa procedente de 'fuentes policiales' volvía a decirse allí una y otra y otra vez.

Sin embargo, finalmente fue condenado por pertenencia a RG.

Yo creo que RG está siendo utilizada como una excusa para mantenerlos presos y también para tratar de meter miedo a otros sectores. Estamos yendo hacia escenarios muy peligrosos en los que a mí podrían detenerme simplemente por lo que digo en esta entrevista y a ti por publicarla.

El Tribunal Supremo rebajó la sentencia condenatoria de la Audiencia Nacional de Antom, de diez años de prisión a 7 años y 9 meses gracias a un recurso de la defensa, recurso que mantienen ante el Tribunal Constitucional.

Se presentó un recurso pidiendo la nulidad del juicio por entender que no se había respetado el derecho a la defensa. Ese recurso está ahora en el Tribunal Constitucional, como paso previo necesario para poder ir a Estrasburgo. Lo cierto es que no tenemos mucha confianza en el TC, sinceramente no creemos ni que vaya a ser admitido a trámite. Se está viendo que el TC se caracteriza por sus sentencias siempre a favor de los poderes establecidos, está muy del lado de esa derecha cerrada que gobierna el Estado español. Y mientras está en marcha todo este procedimiento ellos tienen que seguir en prisión, y el tiempo sigue pasando.

El pleno del Concello donde vivís y de donde es Antom, Teo, aprobó una moción en la que denunciaban la dispersión a la que se sometía a vuestro hijo y pedía el fin de las 'políticas de excepción'.

Es importante que el gobierno del concello donde vivimos sea consciente de por lo que se tiene que pasar a consecuencia de tener un hijo en la cárcel, de lo que significa para las familias y para los amigos el alejamiento de un familiar, de que en casi tres años llevemos recorridos más de 25.000 km, y ya no somos unos niños, los años pesan. Agradecemos y valoramos ese paso. También por lo que supone de romper con ese disco rayado que durante meses sufrimos en la prensa y también durante el juicio y que parecía grabado por la misma persona, presentando a Antom como algo que sabemos que no es. Él estaba implicado en movimientos y proyectos a través de los cuales luchaba por unas ideas y por unos objetivos. Salvando las distancias evidentes, no lo veo muy diferente a lo que está haciendo la ANC en Catalunya, que trabaja en pro de la conciencia nacional de su país.

Asistí en su día al pleno y no entendí la insensibilidad del representante del PSOE y del PP, y la del concejal independiente. Hablaban "por el libro" de una situación que no conocen. No les deseo a ninguno de ellos que pasen por un trago semejante al que nos ha tocado a nosotros. Quizás sea mejor para ellos personalmente que sigan sin saber nada de la política penitenciaria española, y digo personalmente, pues en lo político estas actitudes de insensibilidad, de mirar hacia otro lado y de desconocimiento de la realidad por la que estamos pasando unos vecinos del concello... en lo político me merecen otra consideración.

¿Los familiares de l@s independentistas pres@s mantenéis contacto o relación? ¿Tener un familiar directo en la cárcel hace que se establezca algún tipo de relación especial con otras personas en la misma situación?

Nos mantenemos en contacto, pero de manera informal. Con los padres de María Osorio (la compañera de Antom) hay más relación, ya desde que ambos fueron detenidos en diciembre de 2011. También tenemos contacto con los familiares de Eduardo, de Teto, de Carlos

Calvo, con la gente de '*Senlheiro*' (Hadrián Mosquera). No existe una relación estable pero sabemos dónde estamos. Todos viajamos en el mismo tren, por decirlo de algún modo: llevamos a cuestas los kilómetros hasta las prisiones, las mismas dificultades y preocupaciones, las mismas relaciones difíciles con el sistema carcelario...

Puedes visitar a Antom una vez al mes. ¿Cómo lo notas después de 33 meses en prisión?

La última vez que lo vi fue en agosto y ya no volveré a poder verlo hasta el 'vis a vis' del 17 de septiembre. Él resiste de una manera asombrosa, algo que yo, sinceramente, no sería quien. Aguanta el temporal, sabe abrigarse. Es una persona que organiza muy bien el tiempo: investiga, escribe, lee mucho... también retomó una afición que dejó en la adolescencia como es el dibujo. Hace deporte, atletismo, con un entrenamiento duro. Y mantiene una relación correcta con el resto de presos, civilizada sabiendo lo difícil que es aquello. Él está en régimen FIES lo que supone, entre muchas otras cosas, que le intervienen todas las conversaciones orales, escritas, telefónicas... Es algo a lo que no acabo de acostumbrarme. Que la carta que le escribo a mi hijo vaya a ser leía por una tercera persona, un funcionario.

Existe una especie de 'mandamiento' no escrito que afirma que lo que la familia de un preso no puede permitirse nunca es el 'pecado' de venirse abajo...

La situación es dura pero Antom resiste bien. Aunque allí dentro pase por momentos difíciles nunca nos los va a contar para que no nos preocupemos. Y lo mismo al revés. Disponemos de algo más de una hora cada mes para estar juntos, con un cristal de por medio, cuando la visita no es de las llamadas 'vis a vis'; por lo que hay que aprovechar el tiempo para cosas importantes y no para deprimirnos. Hay que sacar fuerzas de donde sea, igual que delante de los funcionarios de prisión para no caer en su juego y mantenernos en nuestro sitio. Intentamos mantenernos enteros, dignos y conscientes dentro de una situación excepcional. No es fácil. Pero no puede ser de otra manera.

---

https://galiza.lahaine.org/gal-cast-tentamos-manternos-enteiros